

INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adjudicación: SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA AO PARLAMENTO DE GALICIA (Lote 1 Edificación A, Lote 2 Edificación B)

Valor estimado de licitación do contrato: 130.000€ (LOTE 1)

Duración: Un ano desde o día seguinte a data da concesión do contrato de acceso as redes por parte da distribuidora ao adjudicatario

Datos do expediente:

- Procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada
- Tramitación ordinaria
- Un só criterio de adjudicación (prezo)

Análise da proposta

Recíbese a proposta de adjudicación formulada polo Mesa de Contratación, e asinada polo secretario desta o Xefe de servizo de Persoal e Réxime interior.

Examinado o expediente e o seu iter procedimental:

- ✓ Que se lle deu a publicidade preceptiva aos pregos, convocatoria, mesas.
- ✓ Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as mesas de contratación
- ✓ Presentáronse varios licitadores ao LOTE 1 así como ao LOTE 2.
- ✓ Que unha vez ponderado o criterio que debía aplicarse para efectuar a selección do adjudicatario, e visto que o licitador coa oferta economicamente máis vantaxosa cumpría cos requisitos esixidos e a súa proposición axustase aos pregos, requiriuse pola mesa de contratación ao dito licitador para aportar a documentación precisa para a adjudicación. Concretamente estes foron:

No lote 1: ENDESA ENERGIA S.A.U.

No lote 2. GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

Cómpre sinalar que a oferta versa en prezos unitarios, sendo o orzamento máximo de contratación o montante máximo ao que pode acadar a facturación.

- ✓ A Mesa de contratación examinou a documentación presentada polos indicados licitadores, incluída a garantía do 5% do valor estimado de cada lote e abono dos anuncios, co seguinte resultado:

ENDESA ENERGIA S.A.U.: a considera correcta e propónse á Mesa a adjudicación

GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.: non presentou a documentación, motivo polo que puido ter incorrido na prohibición de contratar do suposto do artigo 60.2 en relación co artigo 151.2 do RD.3/2011

Examinada a proposta de adjudicación do LOTE 1 á Mesa do Parlamento a favor de ENDESA ENERGIA S.A.U., FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adjudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adjudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarase nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación



De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberase comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do fin do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 (Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 9 de novembro de 2016

A interventora